

Exercicio:

Para xogar e comprender...

Coa axuda da vosa profesora ou profesor imos facer un experimento.

Necesitaredes:

- Unha bolsa de tea.
- lapis de cores.

Prepárate o experimento:

- Que o profesor ou profesora meta na bolsa o dobre de lapis dos nenos e nenas que sexades na clase. Se sodes 23, hai que meter 46 lapis.

Hai lapis de sobra!

Facede o experimento:

- Agora, por orde collede da bolsa o número de lapis que vos apeteza. Seguíde por exemplo un orde alfabético. O primeiro ou a primeira en coller, pode coller un, dous, tres... os que queira! O segundo ou a segunda tamén pode coller un, dous, tres... ou todos!

Analizade o resultado:

- Alguén quedou sen lapis?
- Pareceche xusto que alguén quede sen lapis só porque outro quixo coller máis dun?
- Se cada un de vós collera soamente un lapis... que pasaría?



Primaria

Creando Rural

ESCOLA EU RURAL


Unidade

5

A dinamización e o desenvolvemento sostible do territorio

www.creandorural.org

Investigación



Clima



Saúde

Traballo



Cultivo



Paisaxes



Tecnoloxía



Animais

A dinamización e o desenvolvemento sostible do territorio



Que é o desenvolvemento sostible?



En primeiro lugar definiremos algúns termos relacionados coa idea de “desenvolvemento sostible”:

· **Desenvolver:** facer pasar unha cousa por diferentes estados ata chegar a un crecemento, un aumento ou un progreso.

· **Sostibilidade:** manter unha cousa para sempre. Diciamos que algo é sostible cando axuda a manter os recursos naturais (auga, aire, terra...) en bo estado para que os poidamos usar os humanos e o resto de especies animais e vexetais agora e no futuro.

O desenvolvemento sostible, polo tanto, consiste en usar os recursos para cubrir as nosas necesidades humanas e progresar, pero sempre de forma respectuosa co medio ambiente e coa sociedade do futuro. Trátase de conseguir un equilibrio entre desenvolvemento e o uso dos recursos, medio ambiente e sociedade.


Imos poñer un exemplo:

Imaxina que hai moitos anos, había un campo onde se cultivaban varias especies de vexetais para alimentar a varias familias: patacas, leitugas, xudías, tomates... Esas familias regaban as verduras coa auga dun pozo, pero esquecían sempre pechar a auga e o pozo continuaba botando auga tamén polas noites. Un día, acabouse a auga do pozo porque non a estaban usando ben e ninguén máis puido cultivar vexetais nese campo.

Seguramente, se as familias fosen máis respectuosas co medio ambiente e non malgastasen a auga (recurso natural), o pozo seguiría con auga para cultivar plantas e alimentos para máis familias.

O que entendemos por desenvolvemento sostible inclúe, ademais do desenvolvemento respectuoso co medio ambiente, o desenvolvemento xusto coa sociedade mundial. Por iso, búscase conseguir varias cousas:

- Fin da pobreza.
- Fame cero.
- Saúde e benestar.
- Educación de calidade.
- Igualdade de xénero.
- Auga limpa e saneamento.
- Enerxía asumible e non contaminante.
- Traballo decente e crecemento económico.
- Industria, innovación e infraestrutura.
- Redución das desigualdades.
- Cidades e comunidades sostibles.
- Produción e consumo responsable.
- Acción polo clima.
- Vida submarina.
- Vida de ecosistemas terrestres.
- Paz, xustiza e institución sólidas.
- Alianzas para lograr os obxectivos.



A Medida Leader Galicia 2014-2020 Ofrece axudas para novas iniciativas que promovan o desenvolvemento sostible do territorio rural.